

CIRCULAR 164-2026.

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NOS CAMPIONATOS DE ESPAÑA DE CAMPO A TRAVÉS POR CLUBS E POR REMUDAS MIXTO.

Art.1).- Probas clasificatorias para o Campionato de España de Campo a Través por clubs e por remudas mixto.

- As prazas asignaranse segundo normativa RFEA e seguindo os resultados obtidos nas seguintes competicións e datas:

03/01/2026	A Rúa (Ourense)	Campionato Xunta de Galicia de Clubs
17/10/2026	Santiago de Compostela (A Coruña)	Campionato Xunta de Galicia por Remudas Mixto

- Os clubs que, non tendo participado nos campionatos anteriores, desexen optar a unha praza para o nacional, serán incluídos na listaxe a continuación dos clubs que si participaron.
 - o De recibirse máis dunha solicitude por categoría e sexo, procederase á realización dun sorteo que estableza a orde de preferencia para o acceso ás prazas.

Art.2).- Solicitude de participación no nacional.

- Todos aqueles clubs interesados en participar nos Campionatos de España de Campo a Través por clubs e por remudas mixto, a celebrar en Atapuerca (Burgos) o 22 de novembro, deberán enviar un correo a direcciontecnica@atletismo.gal antes das 23:45 horas do luns 2 de novembro, indicando a proba, categoría e sexo dos equipos cos que queiran participar.
- A listaxe de clubs admitidos será publicada pola RFEA o 10 de novembro, segundo se recolle na súa normativa da competición.

A Coruña, a 28 de setembro de 2026

Yolanda González Fernández
Secretaria da Comisión Xestora da Federación Galega de Atletismo